



.....

Ciclo Pensarmos: A contar mentiras

Brigitte Vasallo

As mentiras na linguaxe

.....

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
24 de xuño de 2021, ás 18:00 horas



Posverdade, fascismos dixitais, tecnopersoas, precarización da vida, perda de liberdades, deterioración medioambiental, poshumanismo.... Enchemos de novos termos os andeis do noso pensamento. Asistimos a unha proliferación de palabras e conceptos para enfrontarnos a unha época convulsa.

A economía do efémero demándanos respostas rápidas e simples ante problemas complexos. Pensar sen présas ou debater ideas e visións diversas do mundo ficaron convertidas en actividades de luxo ou en ideas románticas doutros tempos. Agora todo semella moverse na inmediatez das redes.

Porén, o pensamento necesita tempos de encontro, de compartir devagar perspectivas e dúbidas. Propoñémosvos neste ciclo de charlas, debates e intercambio de ideas un tempo compartido para a reflexión, para abordar os problemas da actualidade, para facer redes de conexións e contribuír a que sexamos un pouco máis libres. O vello dictum ilustrado, sapere aude, hoxe deveu máis necesario que nunca. “Atrévete a pensar” é un exercicio a contracorrente, unha pequena revolución cotiá.

Quedades convidadas e convidados a un espazo compartido de reflexión e análise crítica do mundo que nos tocou vivir. Se pensar vos presta, agardámosvos cunha única condición, a predisposición a gozar das palabras compartidas. Iniciado en 2019, o ciclo Pensarmos continúa no ano 2021 cada cuarto xoves de mes para ofrecernos a oportunidade de encontrarnos con nomes relevantes no pensamento actual que establecerán un diálogo tanto con integrantes da Sección de Pensamento do Consello da Cultura Galega como co público asistente sobre temas tan vixentes como feminismo, fascismos, verdade, intimidade, investigación, precariedade ou humanismo.

Programa

18:00 horas

Presentación

Carme Adán, coordinadora da Sección de Pensamento do CCG

18:15 horas

As mentiras na linguaxe

Brigitte Vasallo dialoga con **Marta Lois**

Brigitte Vasallo

Escritora aos tombos e formadora, investigo sobre a construción da alteridade, a violencia e o capitalismo atravesados polo xénero. Emprego o feminismo como ferramenta pero non como identidade. Se teño que definirme digo que son txarnega e marimacho, que é como non dicir nada nin moi concreto, nin moi pechado, nin moi estable.

Vivín boa parte da miña vida en Marrocos e traballei de camareira, limpadora, periodista, mariñeira...

Escribín a novela *PornoBurka*, prologada por Juan Goytisolo, e o ensaio *Pensamiento monógamo*.

Terror poliamoroso. O meu relato “[’ba sa lo]” está incluído no libro *Un esforç més*, coordinado por Espai en Blanc, e tamén “Bukake según san Marx”, en *Relatos marranos* (Pol.len, 2015). Tamén publiquei capítulos nos libros *Contra la islamofobia* (Icaria, 2016), *(H)amor* (Continta me tienes, 2015) ou *Más allá de lo imposible: derechos humanos en el siglo XXI* (Txalaparta, 2015), entre outros. Os meus textos traducíronse ao inglés, francés, portugués e italiano.

Colaboro co diario *Ara*, *El Salto*, *Pikara Magazine*, *Critic.cat*, *Rac1*, entre outros; son docente do Màster de Gènere i Comunicació da UAB; fun convidada como relatora en congresos internacionais como o 1st Non-Monogamies and Contemporary Intimacies, na Universidade de Lisboa, ou o Eros y Dionisios, do Museo de Arte en Río de Xaneiro.

Colaborei como consultora para o proxecto INTIMATE – Citizenship, Care and Choice: The Micropolitics of Intimacy in Southern Europe, do Centro de Estudos Sociais (CES) da Universidade de Coimbra e o European Research Council.

Marta Lois

Doutora en Ciencia política e profesora da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da Universidade de Santiago de Compostela. Entre 2015 e 2019 desenvolveu responsabilidades públicas no goberno local sendo concelleira de CA no eido da igualdade, promoción económica, emprego e turismo. A súa actividade investigadora céntrase no campo dos estudos de xénero, poder, toma de decisións, teoría feminista contemporánea e políticas públicas. Entre as súas publicacións destacan: *Mujeres, Instituciones y Política* (editado por M. Lois e I. Diz, 2007). Lois, M. & I. Diz *¿Han conquistado las mujeres el poder político? un análisis de la presencia de las mujeres en las instituciones autonómicas* (2012), *Ciencia política con perspectiva de xénero* (editora xunto con A. Alonso, 2014) que recibe o galardón do Premio nacional de investigación social Ángeles Durán. Posuidora de diversos galardóns relacionados coa innovación docente e a perspectiva de xénero. Na actualidade forma parte da Sección de Pensamento do Consello da Cultura Galega e combina a docencia e a investigación coa responsabilidade pública no Concello de Santiago.

Organiza

Sección de Pensamento. Consello da Cultura Galega

Coordina

Carme Adán Villamarín

Lugar

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

Inscripción

A inscrición é gratuíta.

Actividade presencial. Prazas moi limitadas por normativa anticovid que se cubrirán por rigorosa orde de inscrición. Retransmisión en directo en www.consellodacultura.gal Logo permanecerá na Mediateca para futuras consultas.

Máis información

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

Organiza:

